



Estimado Socio/a,

Logo da a miña dimisión e a de toda a Xunta Directiva o pasado 17 de Xuño de 2023 e en cumprimento dos estatutos da nosa Asociación, enviamos esta comunicación para informar da apertura do proceso electoral.

Resulta información relevante de cara a este proceso a seguinte:

- I. O Regulamento de Réxime Interior da Asociación Galega de Autocaravanas determina no seu apartado A o Regulamento de Réxime Electoral: elección dos membros da Xunta Directiva.
- II. O Artigo 1 establece que "Pode ser elixible como membro da Xunta Directiva da Asociación Galega de Autocaravanas, calquera socio fundador ou numerario da devandita Asociación que estea ao corrente no pago das cotas da asociación, que conte cunha antigüidade na condición de socio de polo menos dous anos. Para os cargos de vogal non se esixirá antigüidade algunha."
- III. En cumprimento do Artigo 5 infórmase que as candidaturas se poden enviar:
 1. Ben por correo electrónico a presidencia@aga.gal.
 2. Ben por correo ordinario a:
Presidente da Asociación Galega de Autocaravanas
C/ Casaldorado, 30 36155 PONTEVEDRA.
- IV. As solicitudes para poder votar por correo pódense solicitar xa por correo electrónico a presidencia@aga.gal ou por correo ordinario a: Presidente da Asociación Galega de Autocaravanas. C/ Casaldorado, 30 36155 PONTEVEDRA. Neste caso enviarémoslle as papeletas das candidaturas que, cumprindo os estatutos, fosen aceptadas. Para votar, o socio ou socia enviaranos en sobre pechado por correo certificado á mesma atención e dirección antes do día 24 de xullo de 2023 incluído o seu voto.
- V. De acordo ao Artigo 9, o Calendario Electoral Extraordinario é o seguinte:
 - o CONVOCATORIA. 25 de xuño.
 - o PRESENTACIÓN das CANDIDATURAS 26 de xuño -9 xullo,
 - o PROCLAMACIÓN CANDIDATURAS. 10,11,12 de xullo.
 - o IMPUGNACIÓNS. 13,14,15 de xullo.
 - o CAMPAÑA ELECTORAL. Do 16 ao 27 de xullo.
 - o VOTACION. 29 xullo.

Asinado,

Manuel Fernández-Arruty Ferro.
Presidente da Asociación Galega de Autocaravanas.